



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Función tutorial e orientación académica		Código	652610002
Titulación	9 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Música			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	2
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Rodicio Garcia, Maria Luisa	Correo electrónico	m.rodicio@udc.es	
Profesorado	Rodicio Garcia, Maria Luisa	Correo electrónico	m.rodicio@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia aborda a orixe e os principios da orientación e da titoría, así como as funcións e as actividades titoriais a desempeñar, xunto cas situacións específicas da titoría. Así mesmo, ofrece mecanismos e estratexias para a planificación da acción tutorial.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	(CE-G5) Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.
A7	(CE-G7) Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional.
A9	(CE-G9) Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
A10	(CE-G10) Relacionar a educación có medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A12	(CE-G12) Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.
A26	(CE-E12) Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
A30	(CE-E16) Coñecer os procesos e recursos para a prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia (OE).
A34	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A37	(CE-P6) Exercitarse na avaliación psicopedagóxica, o asesoramento a outros profesionais á educación, aos estudantes e ás familias (OE).
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Distinguir e aplicar os diferentes recursos e estratexias para a acción tutorial.		AP5	CP1
		AP7	CP3
		AP9	CP4
		AP12	CP7
		AP26	
		AP30	
		AP34	



Transferir o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse, aplicando os principios éticos á práctica profesional e persoal	AP26 AP34	CP1 CP3 CP4 CP7
Participar no deseño, implantación, seguemento e avaliación do plan de acción titorial (PAT) do centro, poñendo en práctica as competencias sociais para traballar en equipo e salvaguardar os obstáculos que vaian xurdindo	AP7 AP9 AP34	CP1 CP3 CP4 CP7
Enumerar as funcións do titor en relación ao alumnado, familias e resto do profesorado e analizar o que isto conleva.	AP5 AP10 AP37	CP1 CP4 CP7
Definir a orientación e a titoría e as súas relacións, así como describir e identificar o modelo institucional galego de orientación.	AP5 AP9 AP10 AP37	CP1 CP3 CP7

Contidos	
Temas	Subtemas
Titoría e orientación	Aproximación conceptual e relacións
O modelo institucional galego de orientación	Aspectos organizativos e funcionais dos servizos de orientación
Funcións e actividades titoriais	* Cos estudantes * Coas familias * Cos compañeiros
Planificación da acción titorial	O Plan de Acción Titorial (PAT)
A titoría en situacións específicas	* No módulo de formación en centros de traballo. * Nos programas de cualificación profesional inicial. * Nos programas de diversificación curricular.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A5 A7 A9 A10 A26 C1 C3 C4 C7	5	3	8
Sesión maxistral	A5 A7 A9 A10 A30 A34 C4	3	0	3
Aprendizaxe colaborativa	A7 C1 C3 C4	5	8	13
Simulación	A7 A12 A34 C1 C3 C4 C7	3	11	14
Proba obxectiva	A7 A10 A30 C7	2	0	2
Análise de fontes documentais	A5 A30 A37	1	8	9
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Portafolios do alumno	<p>É un cartafol ou archivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que permite visualizar o progreso do alumno.</p> <p>O portafolio ou cartafol inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoevaluacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.</p>
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introducción dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e o dos outros membros do grupo.</p>
Simulación	<p>Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Exponse ao alumnado ante condicións hipotéticas nas que se pon a proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase polo tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p>
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>
Análise de fontes documentais	<p>Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses de contidos de carácter teórico ou práctico.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Simulación Portafolios do alumno	<p>Se precisará un seguimento persoal do traballo desenrolado no marco do portafolios xa que será unha peza clave na avaliación final.</p> <p>Así mesmo, se traballará de xeito directo cos pequenos grupos que se formen para desenvolver os traballos propostos. Como mecanismos de atención personalizada ao alumnado, se empregará preferentemente o Campus Virtual e a plataforma de teleformación Microsoft Teams</p>

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Simulación	A7 A12 A34 C1 C3 C4 C7	Consistirá na representación do traballo realizado na aula	20
Portafolios do alumno	A5 A7 A9 A10 A26 C1 C3 C4 C7	No que se recollerá a actividade realizada, a súa avaliación; así coma as reflexións xeradas no grupo. Ademáis cada estudante deberá facer unha avaliación individual da materia e o traballo realizado nela.	50
Proba obxectiva	A7 A10 A30 C7	Será una proba tipo test de resposta múltiple onde só unha opción será a verdadeira	30

Observacións avaliación



ALUMNADO ASISTENTE

Para que os estudantes podan ser avaliados segundo a planificación anterior, deben ter unha asistencia ás sesións interactivas, do 80%.

Para superar a materia é obrigatorio aprobar todas as metodoloxías avaliadas:

Na proba obxectiva é preciso ter a lo menos o 50% da puntuación otorgada á mesma.

No portafolios grupal tamén é necesario acadar como mínimo o 50% da calificación otorgada. No portafolios, a avaliación pode ser diferente para cada integrante do grupo xa que estará supeditada ao grao de implicación amosado por cada persoa e a cumplimentación dos apartados que teñan carácter individual.

Na Simulación é obrigatorio acadar polo menos o 50% da calificación. Deberán participar todos/as os/as integrantes do grupo para poder ser avaliados/as.

No caso de non aprobar unha das metodoloxías, a cualificación final da materia será como máximo de 4 puntos.

ALUMNADO CON MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL (DISPENSA ACADÉMICA)

O alumnado que teña recoñecida a dispensa de asistencia pola Comisión Académica do título poderá acollerse á modalidade de avaliación continua ou optar por asistir ao exame final realizando unha proba similar á do alumnado non asistente.

ALUMNADO NON ASISTENTE (non asiste como mínimo o 80% das aulas)

Neste caso a avaliación consistirá nunha proba de carácter mixto:

1)

Un exame tipo test que terá un peso na avaliación final do 40%

2)

Unha parte de preguntas de resposta breve que terá un peso do 60%. É preciso ter superado o 50% en cada unha das partes para poder sumar as puntuacións obtidas e aprobar a asignatura.

A segunda oportunidade estará sometida aos mesmos criterios de avaliación que a primeira oportunidade.

Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obrigatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.

No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet,

sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

